

A continuación infórmase dos acordos da sesión ordinaria do Claustro Universitario que tivo lugar o día 18 de outubro de 2018 no Paraninfo da Reitoría, no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas das sesións extraordinarias do 13 de decembro de 2017 e 18 de xullo de 2018.
- * Aprobación da adaptación do proxecto de Estatutos da Universidade de Vigo ao informe de legalidade emitido pola Xunta de Galicia.
- * Aprobación da modificación en ámbolos dous regulamentos de réxime interno dos consellos de campus de Ourense e Pontevedra dos artigos 6.d e 10.2.
- * Foron elixidos membros do Consello de Campus de Ourense polo sector estudantes:
 - Rodríguez Rodríguez, José Manuel
 - Rodríguez Vázquez, Sabela

Vigo, 18 de outubro de 2018

O Secretario Xeral



Miguel Ángel Michinel Álvarez

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.